


VICENTE RISCO
NA SÚA OBRA,

DEZ GRABADOS DE
CONDE CORBAL

Do 22 de xaneiro ao 28 de febreiro
Museo Municipal de Ourense



1920: A fundación de Nós: primeiras verbas

"E a ansia que hoxe sinte Galiza de vivir de novo, de voltar Ó seu ser verdadeiro e inmorr.ente, a evidencia luminosa do mañán, o que nos fai sair. Temos unha fe cega, absoluta, inquebrantábel na vitalidade e no xenio da nosa raza, e mais na eficacia do noso esforzo pra levala o comprimento do seu fado glorioso. Hoxe chegou á vida na Nosa Terra, unha xeneración que se deprocatou do seu imperioso deber social de crearen para sempre a cultura galega. Endexamais foi meirande a nosa actividade creadora".

(PRIMEIRAS VERSAS, Artigo de Risco que presentaba o primeiro número da Revista Nós. Ourense, 30 de outono de 1920. ano 1, n.º 1).



1923: Dedalus en Compostela: Risco e Joyce parolan en Santiago.
"Oixo Stephen Dédalus: mais eu, o único bendito que levo conmigo e o meu sangue celta. Namentras me non tiren o meu sangue celta, me non poderei arredar da cruz; no meu sangue esta a miña cruz, e namentras a miña vontade renega da cruz, o meu sangue vai cara a ela e cola dela como a seiva dun arbre decotado da forza da vida en primavera; porque a nosa raza é tamén un arbre decotado, é tamén un cristo enclavado na cruz a deitar sangue, baixo das águilas, a nosa raza e a viva imaxe de Cristo crucificado".
(DEDAIUS EN COMPOSTEIA, SEUDOPARAFRASES, da serie IERIA, publicada no diario GALICIA de Vigo a longo do ano 1923. Reeditada dentro da colección Trasalba por Galaxia en 1961, Vigo).



1928: O porco de pé.

"Na cidade rural e fidalga, había moito tempo que baixaran os señores da executoria e rubiran os políticos e os empregados; agora baixaban os empregados e rubian os tendeiros. Os fillos dos fidalgos apuntábanse nas inmensas hostes dos horteiras que papaban a vida enteira da terra aquela. E os donos das tendas e almacéns, xefes de aquiles exércitos da compravenda, da circulación e do creto, tiñan á seu mando a nobleza toda do tempo dos Pardos, dos Madrugas e dos Andrades".

(O PORCO DE PE, Editorial Nos, A Coruña 1928. Reeditada na colección Trasalba de Galaxia no Nadal de 1972).



1929: Pelerinaxes, limiar da Crónica dudunha viaxe a San Andrés de Teixido.

'Tan certo e que unha terra por pequena que pareza a tanto parvo como anda polo mundo stupidizado pola morfina pezoñenta do cosmopolitismo, engado dos mediocres, encerra en si todolos misterios do universo. E eiquí compre lembrar o que escribin hai tempo: "Ti dis Galiza é ben pequena. Eu digoche: Galiza é un mundo, é o mundo inteiro. Poderás andala en pouco tempo de Norte a Sul, e de Leste a Oeste noutro tanto. (...) Pode ela ser pequena en extensión: en fondura, en entidade, é tan grande coma queiras e dende logo moito meirande de coma ti a ves". (Prólogo de Vicente Risco a PELERINAXES itinerario de Ourense ao San Andtés de Teixido, por Ramón Otero Pedrayo. Publicacións Nós. A Coruña, 1929, volume 28. Crónica dunha viaxe que fixeron xuntos Risco, Otero e "Ben-Cho-Sey- ao San Andrés).



1934: Mitteleuropa: lembranza dunha visita a Nefertite.


"Os carneiros e leós solares, os babuinos mercurianos e tódalas outras cousas están moi ben; mais eiquí, aos alemás o que lles importa e o maravilloso busto policromado da raíña Nefertite, muller de Amenophis IV. Endejamais consigueu a tan cacarexada, loubada e ergueita deica as nubes arte grega, realizar unha testa humán coma a da raíña Nefertite. Somentes véndoa, podese enxerguer a suma finura, a delicadísima beleza, a chea vida, a poderosa espiritualidade, a pureza, a verdade, o idealismo de tal figura". (MITTELEUROPA. Notas dunha viaxe. Imprenta N6s. A Coruña 1934).



1945: A historia da muller que virou en lobo,

"Una noche, por el castañar, se hallaba un mozo al cuidado de un sequeiro de castañas, sentado junto al gran fuego, con la puerta cerrada, cuando, por una rendija de la puerta, vió asomar la pata de un lobo, de un tamaño muy superior al ordinario. Aquella pata forcejeaba y la puerta tendía a ceder; el mozo, desarmado, no encontró otro recurso que encaramarse al cañizo en que se echan las castañas para secar, por encima del fuego y esconderse allí. Al fin la puerta cedió y entró un inmenso lobo como jamás el mozo había visto otro. El lobo cerró la puerta de nuevo, se acercó a la lumbre y se desprendió de su piel .. Quedó una hermosa muchacha, en camisa, que era pasmo de ver".

(EL LOBISHOME, artículo publicado na Revista de Dialectología y Traduciones Populares. Madrid 1945).



1947: *O diabo secuestra a terra, según Satanás historia do Diabo.*

"E curioso que Caim, o fraticida, tenha sido o fundador da primeira cidade. Desde então, muitas vezes, a fundação de uma cidade anda ligada a um crime, inclusive um fratricídio, como aconteceu com a cidade de Rómulo. A mais famosa cidade do mundo tem também um fratricídio no começo da sua história. Roma subsiste sobre o sangue de Remo derramado por seu irmão, e é isto, possivelmente, que a faz "Eterna". O fratricídio é o crime exigido pelo Diabo para permitir que a cidade subsista".

(SATANÁS. HISTORIA DO DIABO. Versión portuguesa de Porto Editoria. 1958. Publicouse en Madrid no ano 1947 co título de SATANÁS. BIOGRAFIA DEL DIABO e imprentouse unha segunda edición en Barcelona en 1956).



1950: *A nai e as duas hirmans maldicen á Gamalandalfa no velatorio do mancebo.*

" ¡Adios hijo querido, que te comió la sangre esta meiga chuchona, esta loba, esta mal casada, que se ha de condenar en el infierno: loba, loba, que me lo dejó seco como una sardina asada, que no me le dejó una gota de sangre en su cuerpo! (...)"

" ¡Adios hermano querido, alegría de la casa, carabel encarnado, que quedaste blanco como las ánimas del otro mundo, seco como el pescado! "

(GAMALANDALFA, novela en cuarenta e catro cadros, escrita arredor do ano 50 e editada por Akal dentro da colección Arealonga no ano 1981).



1953: A historia do bispo Baldonio, en la Puerta de Paja.

"Sentado a la lumbre, el obispo Baldonio, excomulgado por tres papas seguidos, se limpiaba los dientes con una punta de cuerno de ciervo. Lo había capturado vivo en una cacería y lo había arrojado a los canónigos que tenía presos en el sótano para que lo devorasen. Los cuernos, le habían sido presentados después por un familiar en una bandeja repujada. Baldonio se los probó apoyándolos en las sienes por la raíz, pensando en su barragana favorita y preguntó al bufón cómo le sentaban".
(LA PUERTA DE PAJA, novela finalista do premio Planeta, Barcelona 1953).



1962: As festas do antroido en Galicia: Os Peliqueiros.

"O cigarrón non fala; camiña a brincos, chouta e baila, facendo soar as chocas e bate nos que encontra co mallo ou ca vexiga; si se axuntan dous en parexa, collen en hombros a un home calquera e lévano a taberna e o home está obrigado a convidalos; preséntanse nas casas pedindo conquite ou cartos. O cigarrón é sagrado, ninguén lle pode tocar; pódese berrar e aldraxalo, chamándolle as mil e quinientas, mais anque o coñezan, ninguén pode pronunciar o seu nome; aquil en quen bate nono pode tomar a mal. O cigarrón non se pode enfadar nin levar a malos aldraxes.

(Festas do ano: O ENTROIOO, En etnografía: cultura espiritual.

HISTORIA DE GALIZA dirixida por Ramón Otero Pedrayo, Buenos Aires, 1962).



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACION
OURENSE



concello de
ourense



CONCELLARÍA DE CULTURA

